



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|---|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2022/23 |
| Asignatura (*) | Hidrostatica e Estabilidade | | Código | 631510201 |
| Titulación | Mestrado Universitario en Náutica e Transporte Marítimo | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña | | | |
| Coordinación | Freire Piñeiro, Ramon | Correo electrónico | ramon.freire@udc.es | |
| Profesorado | Freire Piñeiro, Ramon Troya Calatayud, Jose Joaquin de | Correo electrónico | ramon.freire@udc.es joaquin.troya@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Nesta materia queresse acadar a completa formación no referente ao comportamento do buque como flotador, no seu medio normal onde se atopa, o mesmo tempo que o estudo sobre as condicións do buque nos casos da varada voluntaria ou debida por accidente na navegación. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A9 | Capacidade para analizar as medidas que procede adoptar en caso de emerxencia da navegación. |
| A15 | Capacidade para controlar o asento, a estabilidade e os esforzos. |
| B2 | Capacidade para resolver problemas de forma efectiva. |
| B4 | Capacidade para comunicarse de forma efectiva nunha contorna de traballo. |
| B9 | Capacidade de análise e síntese. |
| B10 | Capacidade para adquirir e aplicar coñecementos. |
| B11 | Capacidade para organizar, planificar e resolver problemas relativos ao departamento de navegación |
| B12 | CB6 -Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación |
| B13 | CB7-Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplas (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo |
| B14 | CB8-Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partires dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vencelladas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos |
| B15 | CB9-Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sin ambigüidades |
| B16 | CB10-Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en grande medida autodirixido ou autónomo. |
| C2 | Capacidade para dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita nun idioma estranxeiro |
| C3 | Capacidade para utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida |
| C6 | Capacidade para valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Capacidade para asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida |
| C8 | Capacidade para valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |
| C10 | C10-Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo |



| | |
|-----|--|
| C11 | C11-Capacidade para integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos |
|-----|--|

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Capacidade para controlar o asento, a estabilidade e os esforzos | AP9 AP15 | BM2 BM4 BM9 BM10 BM11 BM12 BM13 BM14 BM15 BM16 | CM2 CM3 CM6 CM7 CM8 CM10 CM11 |
| Capacidade para analizar as medidas que proceden tomar no caso de emerxencias na navegación. | AP9 AP15 | BM2 BM4 BM9 BM11 | CM2 CM3 CM7 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| Inundación e estabilidade sin avería. | <ul style="list-style-type: none"> - Introducción o curso é a súas fontes bibliográficas - Nomenclatura - Recopilación dos coñecementos sobre a materia teóricamente adquirida nos cursos pasados - Evolución esperada dos conceptos de vulnerabilidade, supervivencia e resistencia o dano, nas organizacións internacionais, axentes involucrados nos países con intereses marítimos. - Entrada no dique seco, con e sin avería. |
| Efectos do asento e na estabilidade, na situación de avería e perda da estabilidade | <ul style="list-style-type: none"> -Efectos no asento e estabilidade do buque no caso de Avería e seguido por a inundación do compartimento, xunto co as medidas a tomar para contrarrestarlos - Teorías que afectan o asento e a estabilidade - Capacidade de controlar o asento, a estabilidade e os esforzos. |
| Coñecemento das recomendacións da IMO referentes a estabilidade | <ul style="list-style-type: none"> - Responsabilidade baixo os requerimentos máis relevantes dos Códigos e das Convencións Internacionais na materia. - Capacidade de analizar as medidas que corresponden tomar, no caso dunha emerxencia na navegación. - Problemas ca estabilidade, asociados cos tipos específicos dos buques. |
| Comportamento do buque, na navegación entre ondas. | <ul style="list-style-type: none"> - Ondas: características, Teoría troncoide da onda, dimensións, determinación das características. Balance: período dobre, período según os tipos de buques, variación do empuxe da auga sobre a onda, tipos de balances, equilibrio e estabilidade, Influencia do período sobre a onda. Sincronismo: movemento do buque o navegar entre ondas, fórmula aproximada do período lonxitudinal, isocronismo lonxitudinal ... |



| | |
|--|---|
| Resistencia a marcha | <p>- Resistencia o avance: resistencia dunha lámina perpendicular o mar, resistencia dunha lamina/placa oblicua.</p> <p>Teoría da semellanza mecánica. Resistencia da fricción, Resistencia por formación de ondas.</p> <p>Resistencia accidentais, Resistencia a marcha, fórmula.</p> <p>Resistencia- potencia da cadea remolcada.</p> <p>Canal de experiencias</p> |
| Evolución do buque | <p>Concepto da curva de evolución.</p> <p>Características da mesma.</p> <p>Forzas que actúan no buque, durante a evolución.</p> <p>Movimento xiratorio do buque: a sus fases e períodos.</p> <p>Escora ocasionada durante a evolución.</p> <p>Punto xiratorio.</p> <p>Probas de evolución e, en zig-zag. Tablas de evolución.</p> |
| Estabilidade según diferentes tipos de buques. | <p>Obxectivo do tema. O buque Supply. Efectos do asento apopante. Reserva de flotabilidade, o seu efecto sobre a estabilidade. Conceptos de: free to trim e Fixed trim.</p> <p>Tanques estabilizadores. Criterios de estabilidade O buque tanque de D.H.. A estabilidade do barco. Consideracións referente a danos pola estabilidade.</p> <p>Mantemento do casco. Bulk-carriers. Concepto. A estabilidade segundo localización de inundación posible a bordo. Novas emendas que lle afectan. O buque de Pasaxe.</p> <p>Subdivisión e criterios de estabilidade, caso de avería. A probabilística na subdivisión.</p> <p>A determinística. Comparación entre os dous tipos. Esloza inundable. Buque mixto:RO-PAX.</p> |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|--------------------------|---------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Estudo de casos | A9 A15 B11 C2 C6 C11 | 2 | 3 | 5 |
| Aprendizaxe colaborativa | A9 B2 B9 C3 C7 C8 | 20 | 0 | 20 |
| Traballos tutelados | A9 B4 C10 | 2 | 6 | 8 |
| Solución de problemas | A9 A15 B4 B10 B12 B14 C2 | 12 | 24 | 36 |
| Proba obxectiva | A9 A15 B2 B4 B13 B15 B16 C10 | 4 | 0 | 4 |
| Sesión maxistral | A9 A15 B2 B4 B9 B11 C2 | 20 | 50 | 70 |
| Atención personalizada | | 7 | 0 | 7 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|-----------------|--|
| Estudo de casos | Avaliación de casos reais de case-accidentes e accidentes relacionados coa perda de estabilidade tanto en estado intacto, como en Avaría, e estudo da súa posible orixe desenvolvo e desenlace á vista da teoría do asento e a estabilidade así como das disposicións e normal da OMI . Análise a posteriori , tendo en conta tanto as consideracións obxectivas do evento como as normas que dita bo facer mariñeiro tradicional. |



| | |
|--------------------------|--|
| Aprendizaxe colaborativa | Resolución de problemas e casos expostos en clase de acordo coas ferramentas dispoñibles polos alumnos: a súa propia experiencia no mar, o seu adestramento en buques e instalacións adecuados, o coñecemento adquirido mediante simulación e a asistencia ás clases maxistras fundamentais para un coñecemento adecuado das teorías do asento e estabilidade en toda situación. A metodoloxía a aplicar en clase neste caso será a máis realista posible que permita o número de alumnos e as condicións ambientais da aula. |
| Traballos tutelados | Traballo ou traballos realizados polo alumno como complemento á súa formación, e de temática seleccionada polo propio alumno tomando como base a bibliografía básica dispoñible e que servirá de soporte básico ao tema xeral do traballo e que deberá desenvolverse ampliando as fontes, coa colaboración do profesor, de forma que poida ser exposto oralmente aos seus compañeiros un extracto ou resumo, que permita a formulación de preguntas por parte dos seus compañeiros ou do propio profesor, ben para ampliar determinados puntos non correctamente cubertos durante o curso ou non suficientemente claros no extracto presentado, e polo que o alumno mostrou unha predilección ou interese xustificable polo seu afán de compartir o devandito traballo máis especializado co resto dos seus compañeiros contando co apoio e orientación do profesor. |
| Solución de problemas | Capacitación do alumno para resolver, en orde crecente de dificultade, problemas de asento e estabilidade de tipo teórico, acordados co exposto nas leccións maxistras polo profesor, e que sirvan de reforzo ao alí exposto, e paso previo imprescindible para ao enfrontamento futuro do alumno con casos máis realistas. |
| Proba obxectiva | O alumno deberá demostrar de forma obxectiva ao profesor que adquiriu e comprendeu adecuadamente a materia da que versa o curso tanto a nivel teórico como práctico, contestando aos correspondentes cuestionarios teóricos e resolvendo cantas cuestións de tipo práctico expóñanselle como resumo e corolario do traballo levado a cabo polo alumno tanto en clase, como fóra dela, seguindo en todo momento as directrices emanadas do profesor para o óptimo aproveitamento do curso de acordo co disposto no convenio STCW na súa forma emendada así como o aconsellado no curso modelo OMI correspondente. |
| Sesión maxistral | Exposición polo profesor, utilizando as ferramentas dispoñibles adecuadas, da teoría sobre asento e estabilidade, adaptadas aos eventos e situacións na que o buque poida atoparse durante a súa vida útil, tanto en porto como no mar, incluíndo para iso o seu comportamento tanto en augas tranquilas como sometido á acción da ondada de intensidade adecuada ao límite de supervivencia do buque en función do seu tamaño, construción e finalidade, facendo especial distinción entre buques de carga e buques dedicados ao transporte de pasaxeiros. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|--|
| Estudo de casos | O profesor estará dispoñible tanto en horas de clase como fóra delas para servir de apoio ás tarefas desenvolvidas polo alumno, tanto as obrigadas pola debida aprendizaxe da teoría como no desenvolvemento daquelas tarefas desenvolvidas polo alumno como complemento á súa formación. Desenrolando seminarios específicos se fose preciso en función do número de alumnos e das súas necesidades específicas para optimizar a comprensión e capacidade de posta en práctica en condicións reais dos coñecementos, e destrezas adquiridas na resolución de problemas, manexo da bibliografía, ou das bases de datos. O alumnado con matrícula a tempo parcial e dispensa académica, a asistencia a clase non é obrigatoria. |
| Aprendizaxe colaborativa | |
| Traballos tutelados | |
| Solución de problemas | |
| Proba obxectiva | |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| | | | |



| | | | |
|-----------------|---------------------------------|---|-----|
| Proba obxectiva | A9 A15 B2 B4 B13 B15 B16 C10 | Evaluación ordinaria de los conocimientos adquiridos en el cuadrimestre sobre el estudio teórico y práctico que afecta al buque como tal. En la evaluación ordinaria en primera o segunda oportunidad, se necesita alcanzar la nota de cinco sobre diez, en el sumatorio de las dos pruebas escritas, correspondientes a las dos partes en que se divide esta materia. Condición mínima es obtener un cuatro en cada una de las dos partes para poder hallar la nota media de cinco, que significará superar la materia. | 100 |
|-----------------|---------------------------------|---|-----|

Observacións avaliación

NOTA:
Os criterios de avaliación recollidos no cadro A-II/2 do Código STCW, e os recolleitos no Sistema da Garantía de Calidade teranse en conta no momento de deseñar e de realizar a avaliación.
Caso que algún Docente realizase a avaliación continua ao longo do cuatrimestre, terase en conta caso de:
Alumnos con recoñecemento de "dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exentos de asistencia", segundo o que establece a NORMA QUE REGULA O REGIMEN DE DEDICACION Ao ESTUDO DOS ESTUDANTES DO GRAO Ou MÁSTER NA UDC (art. 2.3, 3.b, 4.3, e 7.5) de 04/05/2017 poderán realizazr as probas parciais, caso de realizarse; sen a necesidade de asistir o 80 % ás clases presenciais, a condición de que os Docentes sexan debidamente informados ao principio do curso. Asi mesmo tamén poderán encargar traballos/ problemas ao longo do curso, para ser expostos no horario de tutorías.
A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de face a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - OMI (2010). STCW enmendada según el convenio de Manila. OMI - OMI (2011). Criterio de Estabilidad Intacta. OMI - OMI (2014). Convenio Solas y criterio de estabilidad en Avería. OMI - Profesor (2014). Apuntes de Asiento y Estabilidad en estado intacto. Apuntes - Profesor (2014). Apuntes de Estabilidad en Avería. Apuntes - Profesor (2013). Criterios de Francobordo y líneas de carga. Apuntes basados en OMI - Profesor (2014). Corrosión. Apuntes basados en las normas de las Sociedades de Clasificación - Profesor (2014). Soldadura. Apuntes basados en las normas de las Sociedades de Clasificación - Profesor (2014). Materiales utilizados en C.N.. Apuntes basados en las normas de las Sociedades de Clasificación - SSC (). Reports. SSC - EMSA (). Accident Reports. EMSA - SNAME (2003). Ship Design and Construction,. - SSC (). Reports. SSC - SNAME (). Ship Design and Construction, Vol.1, 2. SNAME |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Fornecerase bibliografía adicional, actualizada, baseada en monografías e textos, ao comezo do curso, e que non pareceu prudente listar nesta guía dada a súa extensión.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías